

PROGRAMACIÓN DE MÚSICA

2º Educación Primaria

Curso 2022/23



CEP DOUTOR FLEMING

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DO GRAO MINIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA
7. ACTIVIDADES
8. TEMPORALIZACIÓN
9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
10. METODOLOXÍA
11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN
13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL
14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
15. PLAN E ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO QUE REPITE
16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS/EDUCACIÓN EN VALORES
17. ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
19. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACÍONS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Educación Musical conforma xunto coa Educación Plástica a área de Educación Artística na Etapa de Primaria. Segundo o Decreto 105/2014 polo que se establece o Currículo de Educación Primaria para Galicia, “A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc.”

Enténdese polo tanto que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no entorno e na vida das persoas e que é precisa a formación neste aspecto. Desde a escola contribuírase á formación integral do alumnado; a educación musical favorece o desenvolvemento da atención, estimula a percepción, a intelixencia e a memoria a curto e longo prazo, potencia a imaxinación e a creatividade; ademais é unha vía para desenvolver o sentido da orde, a participación, a cooperación e a comunicación.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Iniciando o ensino dos compases como unidade de medida na música escrita.
- Traballando as figuras musicais e o silencio e a súa duración proporcional.
- Traballando as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan as cancións e as danzas.
- Tomando conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolvendo hábitos de vida saudable.
- Recoñecendo a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

Comunicación lingüística

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas ao alumnado para que poidan acceder ao coñecemento do mundo da música e da danza.

- Aplicando o vocabulario relacionado cos contidos da educación musical e así avanzando no intercambio comunicativo e na expresión de emocións e opinións persoais.
- Aprendendo un repertorio de cancións, rimas, coplas, trabalinguas e adiviñas.
- Facendo comentarios dos sons do contorno que escoitan e das experiencias de contacto cos obxectos, seres vivos ou elementos da natureza que os producen.
- Describindo de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais e audicións propios da nosa cultura e doutras culturas.

Competencia dixital

Na área de Música contribuirase ao desenvolvemento desta competencia:

- Empregando distintas fontes para a procura de información.
- Usando as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Aproveitando as novas tecnoloxías e manexando ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicando criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

- Valorando a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Ampliando as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Manifestando actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Percibindo e comprendendo o mundo no que viven cando escoiten sons do seu contorno, gozando do mesmo e valorándoo.
- Participando na escoita, audición e interpretación de obras musicais, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Valorando as manifestacións culturais do folclore da nosa comunidade e doutras culturas.

Competencias sociais e cívicas

A área de Música permitiranos facer confluír diversos aspectos como o diálogo, a participación, o respecto, a riqueza da diversidade ou a convivencia, que favorezan diferentes realidades presentes na nosa sociedade:

- Desenvolvendo habilidades de cooperación para conseguir un resultado do grupo satisfactorio.
- Compreendendo a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Respectando as quendas e tendo unha actitude de escoita nas intervencións dos compañeiros.
- Participando nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese, sen inhibicións nin discriminacións e amosando actitudes de respecto.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Música comporta unha actitude positiva que presupón flexibilidade e oportunidade; por iso, esta competencia fomentará unha vertente máis social que implica desenvolver habilidades e actitudes relacionadas co liderato de proxectos que comportan confianza nun mesmo, empatía, habilidades de diálogo e cooperación, organización de tempos e tarefas... para acadar o que se propoñan.

- Desenvolvendo a confianza en si mesmos, ademais de fomentando o espírito de superación nas actividades musicais.
- Adquirindo habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir ao formar parellas, grupos, quendas...
- Asumindo responsabilidades encomendadas e sendo conscientes das consecuencias.
- Logrando entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.

Aprender a aprender

Esta competencia permitiranos a posibilidade de iniciar ao alumnado na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma:

- Usando técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais.

- Coordinando diversos recursos expresivos (canto, mimo, movemento rítmico e danza) nas producións musicais propias e colectivas.
- Desenvolvendo a capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros conseguidos por medio da autoavaliación.
- Identificando as potencialidades persoais.
- Traballando a iniciativa individual e a cooperación nas montaxes coreográficas acomodadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Tendo curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares; desenvolvendo as intelixencias múltiples.

3. OBXECTIVOS

- Discriminar auditivamente os sons do seu ámbito máis próximo, as distintas voces e instrumentos.
- Identificar o timbre, a intensidade dos sons (forte e suave), a súa altura (agudo e grave) e a súa duración (longo e curto) e representalas.
- Desenvolver a sensación de pulso e acento e identificar o tempo.
- Diferenciar instrumentos e a súa agrupación por familias.
- Representar con linguaxe convencional a redonda, branca, negra, as corcheas e os seus silencios, a clave de sol e o pentagrama.
- Recoñecer e escribir a escala musical no pentagrama.
- Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais e ampliar o repertorio de cancións.
- Explorar as posibilidades sonoras do propio corpo (voz e percusión corporal) e como medio de expresión a través da danza.
- Ler e interpretar ritmos coas figuras dadas con percusión corporal e PAI e melodías sinxelas coa frauta doce.
- Acompañar cancións e melodías con percusión corporal, instrumentos de percusión e movemento.
- Recoñecer unha selección de pezas musicais de culturas e estilos distintos.
- Gozar coa música e todo o que a rodea (interpretacións e audicións musicais)
- Espertar o interese pola tradición musical de Galicia.
- Asumir a responsabilidade nas actividades en grupo, valorar as aportacións dos demais, asumir as indicacións do director/a e respectar os momentos de escoita mantendo silencio.

4. CONTIDOS

Para facilitar a concreción curricular na área de Música establécense tres bloques de contidos:

▪ **Bloque 1. A escoita.**

Procurarase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

- B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
 - Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.
- B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.
- B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.
- B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).
- B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.
- B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.
- B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- B1.15. Forma musical: repetición e contraste.

- B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.
- B1.17. Pulso e acento. Compás binario.
- B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

▪ **Bloque 2. A interpretación musical.**

O obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono.
- B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.
- B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.
- B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional
- B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.
- B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.
- B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.

▪ Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

Este bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

- B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.
- B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.
- B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.**

- EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
- EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.

▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.

- EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.

- EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
- EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

- **B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.**
 - EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
 - EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
 - EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
- **B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).**
 - EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
 - EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
 - EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- **B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.**
 - EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
- **B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.**
 - EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
 - EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- **B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula..**
 - EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.
- **B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.**
 - EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

- EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
- EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- **B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.**
 - EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
 - EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
 - EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
 - EMB2.4.4. Elixo e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
 - EMB2.4.5. Elixo e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
- **B3.1. Realizar pequenas coreografías.**
 - EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
 - EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- **B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.**
 - EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
 - EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
 - EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Considérase superada a materia cando a cualificación da avaliación sexa maior ou igual a 5 puntos despois de valorar os estándares de aprendizaxe de cada trimestre seguindo a puntuación establecida para cada un deles no apartado 12 desta programación.

Contidos mínimos:

- Discrimina sons do contorno.
- Recoñece as calidades do son en audicións.
- Interpreta un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e os instrumentos da aula.
- Coñece e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, escala musical, redonda, branca, negra e parella de corcheas e os seus silencios.
- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

7. ACTIVIDADES

A continuación, especificanse os diferentes tipos de actividades que se desenvolverán. A súa duración variará segundo a súa tipoloxía e finalidade:

- Actividades de coñecementos previos ou de avaliación inicial. Realizaranse ao comezo da unidade e servirán para valorar os coñecementos da discencia sobre os contidos a tratar, dificultades...
- Actividades de presentación e motivación. Empregaranse para presentación dos contidos que se van traballar e procurarán espertar no alumnado unha actitude positiva e de interese cara os mesmos.
- Actividades de desenvolvemento. Nelas manifestarase o proceso de aprendizaxe en si, sendo, polo tanto, a súa finalidade desenvolver os contidos propostos para a consecución dos obxectivos e a adquisición das competencias.
- Actividades de reforzo e ampliación. A través destas actividades intentaremos dar resposta á diversidade de ritmos e formas de aprendizaxe do alumnado, capacidades, demandas informativas e de coñecemento...

- Actividades de avaliación. Terán por obxectivo a valoración do alumnado en relación aos contidos e actividades traballadas ao longo das distintas unidades e ao grao de desenvolvemento das competencias.
- Actividades de coavaliación e autoavaliación. Servirán para que os propios educandos realicen unha valoración de si mesmos e dos compañeiros/as nas diferentes situacións de aprendizaxe (tanto en producións grupais como individuais). Levaranse a cabo por medio de cuestionarios escritos, enquisas, valoracións orais...

8. TEMPORALIZACIÓN

A área de música en 2º de educación primaria está distribuída en 15 unidades, a razón de dúas ou tres sesións para cada unha delas segundo se especifica a continuación:

SET.	5	6	7	8	9	10	11	Unidade 1
	12	13	14	15	16	17	18	
	19	20	21	22	23	24	25	
	26	27	28	29	30	1	2	
OCT.	3	4	5	6	7	8	9	Unidade 2
	10	11	12	13	14	15	16	
	17	18	19	20	21	22	23	
	24	25	26	27	28	29	30	
NOV.	31	1	2	3	4	5	6	Unidade 3
	7	8	9	10	11	12	13	
	14	15	16	17	18	19	20	
	21	22	23	24	25	26	27	
DEC.	28	29	30	1	2	3	4	Unidade 4
	5	6	7	8	9	10	11	
	12	13	14	15	16	17	18	
	19	20	21	22	23	24	25	
XAN.	9	10	11	12	13	14	15	Unidade 6
	16	17	18	19	20	21	22	
	23	24	25	26	27	28	29	
	30	31	1	2	3	4	5	
FEBR.	6	7	8	9	10	11	12	Unidade 7
	13	14	15	16	17	18	19	
	20	21	22	23	24	25	26	
	27	28	1	2	3	4	5	
MARZO	6	7	8	9	10	11	12	Unidade 8
	13	14	15	16	17	18	19	
	20	21	22	23	24	25	26	
	27	28	29	30	31	1	2	
XUÑO	27	28	29	30	31	1	2	Unidade 9
	3	4	5	6	7	8	9	
	10	18	19	20	21	22	23	
	24	25	26	27	28	29	30	
ABRIL	1	2	3	4	5	6	7	Unidade 10
	8	9	10	11	12	13	14	
	15	16	17	18	19	20	21	
	22	23	24	25	26	27	28	
MAIO	29	30	31	1	2	3	4	Unidade 11
	5	6	7	8	9	10	11	
	12	13	14	15	16	17	18	
	19	20	21	22	23	24	25	
XUÑO	5	6	7	8	9	10	11	Unidade 12
	12	13	14	15	16	17	18	
	19	20	21	22	23	24	25	
	27	28	29	30	31	1	2	
XUÑO	27	28	29	30	31	1	2	Unidade 13
	3	4	5	6	7	8	9	
	10	18	19	20	21	22	23	
	24	25	26	27	28	29	30	
XUÑO	1	2	3	4	5	6	7	Unidade 14
	8	9	10	11	12	13	14	
	15	16	17	18	19	20	21	
	22	23	24	25	26	27	28	
XUÑO	29	30	31	1	2	3	4	Unidade 15
	5	6	7	8	9	10	11	
	12	13	14	15	16	17	18	
	19	20	21	22	23	24	25	

9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas realizaranse e recolleranse produtos que amosen o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso: fichas, probas orais ou escritas, traballos, debates, intervencións, gravacións, a observación directa por parte do profesorado e anotacións ou rexistro por escrito. Tamén se terán en conta as fichas de autoavaliación e as coavaliacións orais do traballo realizado en aula.

10. METODOLOGÍA

Teranse en conta unha serie de principios didácticos tales como a construción de aprendizaxes significativas, partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos (tanto cognitivo como referido a coñecementos previos), a actividade, os distintos ritmos de aprendizaxe e intereses, a relación entre iguais, a socialización, creatividade, interdisciplinabilidade, a perspectiva globalizadora e a información ao alumno/a do proceso de aprendizaxe.

Trátase de que os alumnos/as partan dos seus coñecementos, experiencias... e coa axuda do profesor sexan capaces de chegar a novos aprendizaxes. Con esta finalidade empregaranse distintos métodos no proceso, implicando todos eles unha actitude activa dos discentes. Tamén se fai referencia aos diferentes tipos de contidos sendo necesario destacar que no caso de música son os procedimentais e os actitudinais os que adquiren maior importancia.

En xeral, teranse en conta unha serie de aspectos como:

- propiciar situacións que motiven ao alumnado e que favorezan ou potencien a súa curiosidade e interese natural ante o fenómeno musical
- crear contextos de aprendizaxes nos que sexa necesario recuperar contidos xa coñecidos
- garantir a construción de aprendizaxes significativas
- promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción que estimule a aprendizaxe e a socialización e a toma de iniciativa por parte dos nenos/as.
- intentar establecer unha relación positiva docencia-discencia, creando un clima de afecto e seguridade, fomentando o traballo en grupo, respectando e superando as inseguridades do alumnado e evitando sensacións negativas ante o fracaso, coidando a forma de presentación da información e non abusando da mesma vía de comunicación, empregando estratexias que fagan revivir nos alumnos/as coñecementos anteriores para efectuar sobre eles novos aprendizaxes, despertando e desenvolvendo a súa creatividade...

En canto a distribución do tempo, as clases repartiranse entre actividades referidas a: expresión vocal e canto, expresión instrumental, expresión rítmica e movemento, lectura e escritura musicais e educación audioperceptiva. Así mesmo, as clases comezarán con actividades de introducción-motivación e/ou actividades sobre coñecementos previos, logo actividades de desenvolvemento e para finalizar

actividades de consolidación e/ou repaso. No caso de seren necesarias actividades de reforzo ou ampliación, estas serán combinadas coas de desenvolvemento. Alternaranse ademais actividades de avaliación, coavaliación e autoavaliación nas unidades. Esta variedade de actividades (individuais, en grupo, movemento...) dará lugar a unha distribución do espazo variable a cada intre.

Empregaranse diferentes métodos de pedagogos como Kodály, Orff, Willems, Shafer, Dalcroze, etc e todos aqueles recursos necesarios para desenvolver as actividades co maior éxito posible: pantalla dixital, murais, recursos electrónicos...

Dende o inicio das clases presenciais empregárase a aula virtual do centro como un recurso máis. O nivel contará co seu correspondente curso de música na aula virtual. Alí se subirán contidos e tarefas relacionadas cos diferentes bloques da materia. Traballarase desde a aula o acceso a estes materiais de cara a que o alumnado se familiarice coa plataforma.

A comunicación co alumnado e coas familias realizarase de xeito telemático mediante as diferentes ferramentas e canles oficiais (preferentemente ABALAR).

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Entre os materiais habería que facer unha separación entre os empregados polo:

- Profesor: libros de repertorio instrumental, partituras, musicogramas, láminas, gravacións, medios informáticos, metrónomo, diapasón, teclado para acompañar, ilustrar exemplos e proporcionar a base harmónica necesaria nos exercicios de entoación...
- Alumnado: frauta doce, lapis, carpeta, cores, fichas...
- Así mesmo tamén se conta co material de aula: instrumentos de percusión de altura indeterminada, determinada, piano, ordenador, taboleiro dixital, taboleiro pentagramado, reprodutores...

12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse por trimestres, tendo cada un deles a puntuación especificada a seguir para o cálculo da nota trimestral:

1º TRIMESTRE

ESTÁNDARES	PUNT.
○ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	0,5
○ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	0,5
○ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	0,5
○ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	1
○ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, negra e parella de corcheas.	1
○ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	0,5
○ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	1
○ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	0,5
○ EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	1
○ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	1
○ EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	0,5
○ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	1
○ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	0,5
○ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	0,5

2º TRIMESTRE

ESTANDARES	PUNT.
○ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	0,5
○ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.	0,5
○ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.	0,5
○ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	0,5
○ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	1
○ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, notas, branca, negra e parella de corcheas e silencios.	1
○ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	1
○ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e os instrumentos da aula.	1
○ EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	1
○ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	0,5
○ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.	0,5
○ EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	0,5
○ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	1
○ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	0,5

3º TRIMESTRE

ESTANDARES	PUNT.
○ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.	0,5
○ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	0,5
○ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	1
○ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, escala musical, redonda, branca, negra e parella de corcheas e os seus silencios.	1
○ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	0,5
○ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	0,5
○ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	0,5
○ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.	1
○ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	1
○ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	0,5
○ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	1
○ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	0,5
○ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	0,5
○ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	1

Cada incidencia negativa nos estándares 1.2.1, 1.4.3 e 3.1.2 significa a perda de 0,25 ou 0,5 puntos segundo a gravidade da mesma ata o máximo establecido en cada un deles.

Cada sesión que o alumnado esqueza o material (libro, libreta, fruta..) suporá a perda de 0,25 puntos.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes:

- 1, 2, 3 e 4 - insuficiente (IN)
- 5 - suficiente (SU)
- 6 - ben (BE)
- 7 e 8 - notable (NT)
- 9 e 10 - sobresaliente (SB)

A cualificación trimestral redondearase á alza a partir de 0,75.

A avaliación negativa en dous trimestres, e sempre que un deles sexa o último, implica unha nota final negativa; a avaliación positiva no último trimestre do curso implica unha nota final positiva.

Dado que a Educación Musical conforma xunto coa Educación Plástica a área de Educación Artística, para acadar unha avaliación positiva nesta última, será preciso acadar unha avaliación positiva nas dúas materias.

13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial é o comezo do proceso e ten como finalidade coñecer ao alumnado e saber cal é o punto de partida. Así seguiranse as seguintes pautas á hora do seu deseño:

- Establecer con claridade obxectivos:
 - Valorar a competencia no eido da música do alumnado e determinar posibles dificultades.
- Especificar os aspectos a avaliar e os indicadores que observaremos en cada un destes aspectos.
 - escoita: Mantén unha actitude de respecto e de escoita activa.
 - Interpretación musical: Coñece e utiliza as posibilidades sonoras e musicais do corpo, instrumentos e/ou outros obxectos.
 - Música, movemento e danza: Móvese de forma axeitada respondendo a distintos estímulos sonoros.

Ademais valorarase a participación e o cumprimento das normas establecidas.

- Decidir o que se fará a partir dos resultados da avaliación.
 - Elaborar unha programación que se adapte as posibilidades reais dos grupos e aos intereses do alumnado.

- Esta información obtense mediante diferentes fontes: observación directa na aula, fichas ou cuestionarios orais ao alumnado, datos proporcionados polo titor/a, entrevistas coa familia, expediente escolar...

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Da análise de toda a información obtida na avaliación inicial, xorde a proposta de atención á diversidade.

- Para aqueles/as que presentan diferentes niveis de aprendizaxe, non asociados a ningunha circunstancia especial, realizarase fundamentalmente mediante actividades de reforzo e/ou ampliación en cada unidade, atribuíndo papeis e responsabilidades na interpretación musical e na execución de danzas propias ás súas características... Ademais, adoptaranse organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnado.
- Ante o alumnado con discapacidade sensorial, atoparase en todo momento preto da docente e de fronte, nas primeiras filas e asegurando que comprende as instrucións, explicacións...
- Levaranse a cabo as adaptacións curriculares necesarias en función das características do alumnado.
- Empregaranse métodos de comunicación alternativos como os pictogramas.
- O reforzo das actitudes contempla o repaso daquelas normas de convivencia, así como das actitudes que o alumnado non teña asimilado ou non cumpra correctamente en relación á cooperación entre a discencia, o respecto ao profesorado, o mantemento de materiais e instalacións.

15. PLAN E ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO QUE REPITE

Iniciado o curso, compróbase que non hai alumnado coa materia suspensa do ano anterior e polo tanto non procede o plan de actividade de reforzo ou recuperación.

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS/EDUCACIÓN EN VALORES

- Educación moral e cívica
 - Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.
 - Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

- Educación para a paz
 - Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.
 - Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais.

- Educación ambiental e para a saúde
 - Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación... para poder cantar e falar correctamente.
 - Desenvolver actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.
 - Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos:
 - Aprender a respectar as características de cada un, contribuíndo a eliminar os estereotipos sexistas.

- Educación para o consumo responsable
 - Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

- Cultura da nosa comunidade autónoma
 - Usar a música como medio para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA

Desde a área de música contribuirase a:

▪ O Proxecto lector de centro

- Compreendendo o texto de cancións, contos, historias... e traballando o vocabulario dos mesmos.
- Aprendendo cancións do cancionero popular.
- Lendo adiviñas e trabalinguas sen perder o pulso, regular e constante.
- Empregando as cancións como punto de partida para dramatizacións.
- Comentando aspectos musicais de lecturas: oficios, críticas musicais...

▪ O plan TIC

No que ao plan TIC respecta, empregaranse recursos didácticos interactivos seleccionados na web procurando a mellora da competencia dixital e a formación de consumidores responsables neste aspecto.

▪ O plan de convivencia

Realizaranse dinámicas de interacción social e traballo cooperativo cos que pretendemos acadar algúns dos obxectivos prioritarios do centro: a mellora da convivencia, a resolución pacífica de conflitos e a comunicación axeitada e asertiva de opinións.

Na aula deixaranse moi claras desde comezo de curso cales son as normas. Ademais se porá especial atención no respecto á diversidade e na procura da igualdade ao levar a cabo as distintas actividades na aula.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizaranse as actividades complementarias que xurdan ao longo do curso que fomenten o gusto e achegamento do alumnado pola música e que sexan de interese e contribúan a ampliar e afianzar os coñecementos do alumnado.

19. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

É preciso facer unha valoración do proceso de ensino e da práctica docente e por iso establécense os seguintes aspectos e indicadores de logro:

- Organización da aula:
 - Disposición flexible do mobiliario
 - Traballo individual e en grupo
- Programación
 - Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.
 - Recursos e materiais empregados.
 - Atención á diversidade
 - Inclusión de temas transversais.
- Actividade docente
 - Conexión con coñecementos previos.
 - Emprego de técnicas metodolóxicas variadas. Variedade das actividades propostas.
 - Emprego de medios técnicos/audiovisuais.
- Clima da aula e relacións
 - Clima distendido e de confianza.
 - Interese e orde na aula.
 - Participación do alumnado.
 - Uso de técnicas/programas para modificar conductas negativas.
- Avaliación
 - Detección dos coñecementos previos (avaliación inicial)
 - Instrumentos de avaliación empregados.
 - Emprego da autoavaliación/coavaliación do alumnado.

20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Comprobarase a idoneidade da programación facendo unha valoración (a destacar/a mellorar) dos seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades didácticas.
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos e grao de competencias acadadas.
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas e adecuación ao contexto específico de cada grupo.
- Recursos empregados.
- Claridade nos criterios de avaliación.
- Uso de diversas ferramentas de avaliación.
- Resultados das diversas avaliacións do alumnado.